

DOSSIER LECTO – ESCRITURA

Con este dossier de lecto escritura, queremos explicar certos aspectos relativos á adquisición da mesma.

Nesta adquisición, para que un neno ou unha nena comece a escribir e ler, deben de ter certo **grao de madurez** nalgúns aspectos, que á súa vez están interrelacionados. Estes prerrequisitos son:

➤ NIVEL SENSORIAL:

- ✓ Percepción visual normal
- ✓ Barrido de ollos
- ✓ Discriminación visual
- ✓ Percepción auditiva básica

➤ NIVEL MOTRIZ:

- ✓ Esquema corporal
- ✓ Espazo
- ✓ Lateralidade
- ✓ Bo nivel tónico
- ✓ Habilidades motrices e coordinación viso-manual
- ✓ Ritmo e control respiratorio
- ✓ Tempo

➤ NIVEL DE LINGUAXE:

“A linguaxe escrita emerxe no marco da linguaxe oral”.

- ✓ FONOLOXÍA: fai referencia á pronunciación, consciencia fonémica e correspondencia fonema-grafema.
- ✓ SEMÁNTICA: cantidade e calidade de vocabulario.
- ✓ MORFOSINTAXIS: referido ás estruturas.

➤ NIVEL AFECTIVO:

Resulta **fundamental** a:

- ✓ Motivación e interese.
- ✓ Estabilidade emocional e personalidade.

➤ NIVEL INTELECTUAL:

Destacamos **principalmente**:

- ✓ Atención
- ✓ Pensamento lóxico
- ✓ Percepción visual
- ✓ Memoria
- ✓ Intelixencia

Para garantir este desenvolvemento, podemos optar por empregar distintos **MÉTODOS**:

- ✓ **ANALÍTICOS**: parten das estruturas máis complexas da linguaxe ata chegar a grafemas e fonemas.
- ✓ **SINTÉTICOS**: parten dos elementos máis simples aos máis abstractos da linguaxe, letras e sons correspondentes, e fonemas, ata chegar de forma progresiva aos elementos máis complexos de palabras e frases.
- ✓ **MIXTOS**: pártese do interese cara algunha palabra e a súa descomposición, para logo compoñer outras novas.

A maiores destes métodos, destacamos a **corrente constructivista**, a cal destaca principalmente porque asegura o contacto directo coa linguaxe escrita e a súa funcionalidade, tendo en conta o que os nenos e nenas xa saben, xa que eles imitan as pautas de adquisición da lingua materna. A base da aprendizaxe constructiva está na calidade da:


- ▶ **Interacción cos adultos alfabetizados.**
- ▶ **Achegamento global do neno/a ao texto.**
- ▶ **Utilización convencional do texto escrito.**

Este método constructivista é o que empregamos na etapa de educación infantil. Así mesmo, este método é defendido por coñecidos autores e autoras que estudaron acerca de como os máis pequenos aprender a ler e escribir. Algunhas autoras que defenderon nas súas obras este enfoque son Emilia Ferreiro, Ana Teverosvsky ou Mirian Nemirovsky.

A denominación da adquisición da linguaxe escrita varía segunda a autoría da mesma. Con todo podemos sinalar **4 etapas** fundamentais:

❖ ETAPA PRESILÁBICA OU INDETERMINADA:

Nesta etapa non se relaciona a escritura coa pauta sonora da fala. Distinguímos:




Nesta etapa poderíamos incluír as escrituras que comezan a desenvolver os nenos e nenas de 3 anos. Por exemplo:

- A palabra mariposa a poden escribir así:
OOOOOOOOOOOOOO
_ 2 _ _ A _ _ 1 _
V U V V P O O O

❖ ETAPA SILÁBICA

Nesta etapa, por primeira vez relacionan a escritura coa pauta sonora da fala. Distinguimos:



Exemplos desta escritura poden ser:

- ▶ **Sen valor sonoro convencional:** escriben unha letra por cada sílaba da palabra, pero con calquera grafía. Únicamente teñen en conta a cantidade de letras:
 - MARIPOSA: AAAAAAAAAA / ALTPICGO/ ALELALRIALO
- ▶ **Con valor sonoro convencional:** escriben tanto a vogal como a consonante que soe en cada sílaba da palabra, atendendo a unha correspondencia tanto cualitativa como cuantitativa.
 - MARIPOSA: AIOA/ MIOS/ MRPS

Nesta etapa podemos incluír aos nenos e nenas no final de curso de 4 anos, así como aos de 5 durante o 1º trimestre de curso.

❖ ETAPA SILÁBICO – ALFABÉTICA

Durante esta etapa descubren que unha sílaba se pode escribir cunha vogal ou cunha consonante, pero non son capaces de segmentar todos os elementos sonoros da palabra.

Nesta etapa podemos incluír aos de 5 anos ou tamén aos de 4. Para escribir **MARIPOSA**, podemos atopar estes exemplos de escrituras: MAIPOS/ MPIOA / MRIPOA.

❖ ETAPA ALFABÉTICA

Nesta etapa as súas escrituras son totalmente alfabéticas pero sen normas ortográficas. Non presentan problemas coa comprensión do código. Exemplos destas escrituras son:

- CASA: KASA
- QUESO: QESO/KESO/CESO
- PERRO: PERO
- VACA: BACA
- HACER: ACER
- JERSEY: GERSEI

Unha vez que chegan a esta etapa, están preparados para comezar pouco a pouco a ler o que escriben ou mesmo palabras soltas que se lles podan presentar.

Durante todo o proceso de adquisición da lecto-escritura, escribimos en **maiúsculas** porque estas grafías non requiren da mesma madurez psicomotriz que as minúsculas. O esforzo que supón trazar correctamente as minúsculas, débese adicar á reflexión sobre o sistema interno de escritura, e así garantir o seu avance etapa a etapa.

Cando o neno ou nena chega á **etapa alfabética** é cando resulta máis rentable introducir as **grafías ligadas ou minúsculas**. Este momento adoita coincidir co final do curso de 5 anos, xa que posúen a madurez suficiente para que este cambio resulte sinxelo. Aínda así, durante o 1º curso de EP poderían seguir empregando ambas, e mesmo aprender a escritura ligada se non acadou a madurez suficiente durante a etapa de infantil.

PROPOSTAS PRÁCTICAS

Sexa cal sexa a etapa na que se atopen, podemos empregar diferentes propostas para que pouco a pouco vaian avanzando na **escritura**, sempre partindo do máis significativo para eles. Para iso podemos:


- ✓ Empregar o nome propio e recoñecer as súas letras. Tamén poden facer listas co nome dos membros da súa familia e dos seus compañeiros/as de clase.
- ✓ Identificar e rodear a letra inicial e final do seu nome e comparar con outros nomes.
- ✓ Compoñer acrósticos (a partir das letras dun nome, escribir outras palabras).

S	A	B	A	N	A
E	R	A	G	U	M
L	B	R	U	B	O
V	O	C	A	E	R
A	L	O			


- ✓ Encontrar palabras significativas nunha **sopa de letras** ou completar un **crucigrama**, ambas as dúas propostas adaptadas á idade.

Por exemplo podemos partir dun conto que lles guste, ou de xoguetes que lle encanten, ou mesmo dos nomes das persoas coas que viven. Segundo a súa idade, esta actividade pode ir acompañada de imaxes:

C	O	E	L	L	O	X	C
B	T	C	A	B	R	A	A
O	V	D	F	K	C	Z	N
I	F	O	R	M	I	G	A




BOCA




OJO

Z	B	O	C	A
P	O	R	S	E
C	O	L	A	I
M	N	O	J	O
D	C	U	S	B
A	L	E	T	A



ALETA



COLA

CRUCIGRAMA



- ✓ Completar palabras coas letras que faltan, xogar ao **aforcado**.
- ✓ Escribir os **días da semana** e recoñecelos mediante unha retahíla ou canción.
- ✓ Permitirlles participar na elaboración da **lista da compra** ou que fagan unha lista da compra paralela.
- ✓ Escribir o nome das personaxes que saen nun **conto**, completar o nome dos contos, inventar outro nome para o conto, asociar a imaxe co personaxe correspondente, etc.

UNE CADA PERSONAXE CO SEU CONTO CORRESPONDENTE:

ELMER



A BRUXA REGANADENTES



MACARIO DROMEDARIO



CEBRA CAMILA



- ✓ Escribir os ingredientes dunha **receita** que vos guste e o seu procedemento.

HOXE COCIÑAMOS	PROCEDEMENTO
NOME DA RECEITA:	
INGREDIENTES DA RECEITA	
	RESULTADO FINAL

- ✓ Escribir o **menú diario** cun debuxo asociado.
- ✓ Empregar o **xornal** para escoller unha sección ou noticia e analizar o que eles cren que di: se é unha noticia alegre, triste, e escribir un título para a mesma.
- ✓ Co mesmo **xornal e revistas**, recortar letras para compoñer palabras ou escribir mensaxes.
- ✓ Xogar ao **bingo de nomes**: compis do cole, días da semana, nome dos meses do ano, nomes de animais, ou coas letras do abecedario, como xa fixo a compi Claudia da clase dos gatos.

BINGO DE NOMBRES




VANESA				SARA
	NURIA			ALBA
		IAGO		



- ✓ **Palabras secretas** (con pista ou sen ela):

Palabras secretas


Escribe la inicial de cada uno de los dibujos y encuentra la palabra escondida





✓ Os autobuses parlanchíns os podeades atopar no blogue “pollitoallimon_educa”.



✓ Outras propostas que tamén lles resultarán divertidas poden ser deste estilo:

<https://www.orientacionandujar.es/2017/01/12/trabajamos-la-conciencia-silabica-fuga-silabas/>

<https://www.orientacionandujar.es/tag/fuga-silabas/>

Elige la silaba que falta para completar la palabra

PA – PE – PI – PO – PU




ES__JO




ES__DA

MA - ME - MI - MO - MU




AL__HADA




__DUSA

<http://www.clubpequeslectores.com/2018/03/juego-circulos-consciencia-fonologica.html>



<https://www.orientacionandujar.es/2019/04/04/puzzle-de-letras-recorta-y-completa/>



Na seguinte web podes atopar exemplos de material para seguir avanzando na lecto escritura de xeito lúdico, atractivo e divertido.

<http://soniamarquezlogopeda.blogspot.com/p/materiales-descargables.html>

- ✓ Tamén vos deixamos unhas plantillas coas partes que debe conter unha carta ou para describir persoas, animais ou obxectos, así como as partes dunha invitación, por exemplo de cumpreanos:

A CARTA	
LUGAR DATA	
SAUDO	
MENSAXE	
DESPEDIDA	
FIRMA	

I

DESCRIPCIÓN DUN ANIMAL

NOME:

TIPO DE ANIMAL <small>MAMIFERO, AVE, PEZ...</small>
TAMANO E COR
COMO SE ALIMENTA? <small>CARNIVORO, HERBIVORO, OMNIVORO</small>
TIPO DE PEL <small>PLUMAS, ALAS, ALETAS</small>
ONDE VIVE? <small>AUGA, TERRA, SELVA, GRANXA</small>

DESCRIPCIÓN DUNHA PERSOA

NOME:



RASGOS FÍSICOS

ESTATURA, SEXO, COMPLEXIÓN...

COMO É?

PELO, PEL, CARA, OLLOS, NARIZ, VOZ...

COMO VAI VESTIDO?

COMO É O SEU CARÁCTER?

QUE LLE GUSTA?

I

DESCRIPCIÓN DUN OBXECTO

NOME:



QUE É?

FERRAMENTA, MOBLE,
ELECTRODOMESTICO...

COMO É?

TAMANO, FORMA, COR...

ESTÁ FEITO DE?

QUE PARTES TEN?

PARA QUE SERVE?

Escribo una invitación

Partes que encontramos en una invitación:

Citar a la persona o personas a las que va dirigida

FIESTA DE ANIVERSARIO DEL COLEGIO

Invitación para la familia de Manuel Rodés Ludero.
El viernes a las cuatro celebramos en el patio
el aniversario del colegio. ¡20 años enseñando!
Os esperamos a todos.

Colegio Gran Alameda
Calle del Libro, 15

Anunciar la fiesta

Explicar el motivo de la celebración, el lugar, la fecha y la hora

Escribir el nombre y la dirección del lugar donde se celebrará la fiesta

Por outra banda, para favorecer o inicio da **lectura**, podemos empregar:

- ✓ Autoditados.
- ✓ Ler palabras ilustradas. (<https://palabras-con.org/v/>)
- ✓ Asociar a palabra e o debuxo.
- ✓ Ilustrar unha frase dada.
- ✓ Empregar como libros de lectura, as coleccións do tipo “mis primeros cuentos”, exemplos dos cales podedes atopar no seguinte enlace: <http://www.clubpequeslectores.com/2017/06/cuentos-infantiles-mayusculas-aprender-leer.html>
- ✓ Aproveitar as propostas anteriores.
- ✓ Empregar algunha APP: [*Kids learn to spell and write – sílabas – lee y aprende*](#), son algún exemplos, pero podedes escoller as que máis vos interesen.